

Núm. 248/10

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

***Asunto:** Adxudicación definitiva do contrato de "Explotación de servicio de cafetería no Centro Social de Maiores de Arcade".*

ANTECEDENTES

I. Por resolución de data 6 de xullo de 2010 esta Alcaldía adxudicou provisionalmente o contrato de "Explotación de servicio de cafetería no Centro Social de Maiores de Arcade" a D. Luis Rodriguez Lains.

II. A adxudicación provisional publicouse no Perfil de Contratante do Concello en data 6 de xullo de 2010. A tramitación deste procedemento foi declarada urxente por Resolución de data 21 de xuño de 2010.

III. Visto que a adxudicación provisional notificouse ao adxudicatario requiríndoo para que presentase a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e constituíse a garantía definitiva.

IV. Visto que con data 16 de xullo de 2010, o adxudicatario constituíu garantía definitiva por importe de 600 € e presentou os documentos xustificativos esixidos.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 135.4 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, polo presente **RESOLVO**:

1º.- . Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato de "Explotación de servicio de cafetería no Centro Social de Maiores de Arcade" aprobada por Resolución de Alcaldía de data 21 de xuño de 2010.

2º.- Notificar a D. Luis Rodriguez Lains, adxudicatario do contrato, a presente Resolución e citalo para a sinatura do contrato que terá lugar o día 20 de xullo de 2010.

3º.- Publicar a adxudicación definitiva do contrato de “Explotación de servicio de cafetería no Centro Social de Maiores de Arcade” no Perfil de contratante.

Soutomaior, 19 de xullo do 2010.

O ALCALDE,

Ante min, A SECRETARIA,